



Mosaico con máscaras teatrais romanas (século II d. C.)

LATÍN II

GUÍA DIDÁCTICA D@ ALUMN@



2º BACHARELATO SEMIPRESENCIAL - CURSO 2025-26
EPAPU EDUARDO PONDAL - A CORUÑA

Departamento de Latín e Grego

ÍNDICE

1 Presentación	-----	p. 3
2 Como funciona o estudo semipresencial?	-----	p. 3
3 Recursos didácticos	-----	p. 5
4 Datos de contacto	-----	p. 6
5 Unidades didácticas: contidos, temporalización, actividades	—	p. 7
6 Orientacións metodolóxicas	-----	p. 15
7 Avaliación	-----	p. 15
7.1 Criterios de avaliación	-----	p. 15
7.2 Modalidades e datas de avaliación. Cualificacións	—	p. 16

1 PRESENTACIÓN

Benvi@ á materia de LATÍN II !!

Esta guía, concibida como unha ferramenta de carácter didáctico, está dirixida a tod@s @s alumn@s que estean matriculad@s en Latín II (tanto se pertencen á quenda de mañá como se pertencen á quenda de tarde), co obxectivo de os fornecer dun coñecemento inicial da materia.

Latín II enmárcase na rama de Humanidades e Ciencias Sociais, de 1º Bacharelato, ofertada pola EPAPU Eduardo Pondal de A Coruña na súa modalidade semipresencial.

Latín II é unha asignatura que supón unha continuación de Latín I (de 1º de Bacharelato) e que implica, polo tanto, un afondamento na aprendizaxe da lingua latina e no coñecemento da cultura latina. Por outra banda, trae como novidade unha introducción á literatura latina.

Esta guía pretende, en primeiro lugar, poñer en coñecemento d@ alumn@ os diferentes materiais didácticos de que se compón a materia, tanto lingüísticos como literarios e culturais: contidos e actividades principalmente, organizados en unidades didácticas e ordenados cronolóxicamente por avaliacións.

En segundo lugar, esta guía pretende ofrecer ao alumnado unha información inicial de interese para o correcto desenvolvemento e superación da materia, como horarios das sesións presenciais e das titorías de orientación, criterios e datas de avaliación, sistema de cualificación, datos de contacto co profesor do curso, etc.

2 COMO FUNCIONA O ESTUDO SEMIPRESENCIAL?

O estudo semipresencial é unha forma de estudo mixta, xa que combina o estudo presencial (que implica a asistencia obrigatoria a clase) e o estudo a distancia (que implica o traballo a distancia, na casa por exemplo, a través do curso online da materia, que máis adiante se indica).

ESTUDIO PRESENCIAL. A materia de Latín II, como todas as materias do Bacharelato semipresencial, conta, en primeiro lugar, cunha única sesión presencial semanal de asistencia obrigatoria, que tamén pode recibir o nome de

titoría lectiva. Nela o profesor abordará as explicacións de carácter teórico, relativas aos contidos da materia.

O horario e a aula nos que terá lugar a sesión presencial semanal serán os seguintes:

- se @ alumn@ pertence á quenda de mañá: luns, de 09:15 a 10:00, aula 3.2 (terceiro andar)
- se @ alumn@ pertence á quenda de tarde: martes, de 19:00 a 19:45, aula 3.2 (terceiro andar)

ESTUDO A DISTANCIA. A partir das explicacións teóricas das sesións presenciais @ alumn@ deberá desenvolver o seu propio proceso de aprendizaxe fóra do centro escolar, a distancia, guiándose polo devandito curso online. Entre outras cousas, iso significa, por exemplo, o estudo dos diferentes contidos didácticos dispoñibles nese curso, a realización (a distancia) das actividades nel propostas e a súa entrega a través del.

O tempo de estudo a distancia recomendado para a superación da materia é de 3/4 horas semanais.

TITORÍAS DE ORIENTACIÓN. Co fin de lle apoiar no seu proceso de aprendizaxe a distancia, pónense a disposición d@ alumn@ unhas titorías de orientación, de carácter presencial, co seguinte horario semanal, común para a quenda de mañá e para a quenda de tarde:

- xoves, de 18:15 a 19:00, seminario 1 (planta baixa)
- venres, de 10:45 a 12:15, seminario 1 (planta baixa)

En calquera destas horas @ alumn@ pode acudir ao centro escolar e consultar presencialmente, de xeito individual, co profesor calquera aspecto relativo á materia de Latín II. O obxectivo principal destas titorías de orientación é, en todo caso, axudar @ alumn@ a superar as posibles dificultades xurdidas no estudo a distancia e resolverlle as súas dúbidas.

A asistencia ás titorías de orientación non é, en ningún caso, obrigatoria, pero si recomendábel polo menos de cando en vez, sobre todo no caso de atopar dificultades na aprendizaxe a distancia.

CADRO RESUMO HORARIO DO ALUMNADO - LATÍN II	
Sesións presenciais ou titorías lectivas	
Quenda de mañá: luns, de 09:15 a 10:00	- Aula 3.2, terceiro andar
Quenda de tarde: martes, de 19:00 a 19:45	- Aula 3.2, terceiro andar
Titorías de orientación (comúns para a quenda de mañá e para a quenda de tarde)	
Xoves, de 18:15 a 19:00	- Seminario 1 (planta baixa)
Venres, de 10:45 a 12:15	- Seminario 1 (planta baixa)


3 RECURSOS DIDÁCTICOS

O principal recurso didáctico de que disporá @ alumn@ será o curso online LATÍN II, destinado principalmente a facilitar o estudo a distancia e aloxado na aula virtual da EPAPU Eduardo Pondal no seguinte enderezo online:

<https://centros.edu.xunta.gal/epaeducardopondal/aulavirtual/>

Para acceder, cómpre que @ alumn@ entre co seu nome de usuario e contrasinal. Unha vez dentro, @ alumn@ poderá atopar facilmente o curso online LATÍN II, cos diferentes materiais de estudo: unidades didácticas, contidos, actividades, temporalización, etc. Estes materiais irán aparecendo regular e progresivamente ao longo do ano académico, a medida que @ alumn@ vaia acadando obxectivos e superando etapas de estudo.

O curso online servirá tamén como canle de comunicación entre alumn@ e profesor: o profesor irá incorporando os diferentes avisos que, en relación co desenvolvemento cotiá da materia, poidan ir xurdindo, como prazos de entrega das actividades, datas exactas de avaliación, cualificacións d@s alumn@s, ou calquera outra noticia de interese. @ alumn@, pola súa banda, poderá enviar calquera consulta ao profesor a través do servizo de mensaxería do curso.



Un segundo recurso didáctico, de enorme importancia, é o **Diccionario Ilustrado VOX Latín-Español / Español-Latín**. Este diccionario é unha ferramenta imprescindible para a tradución de textos latinos. O alumnado poderá atopalo, dispoñíbel en versión dixital, no curso online da materia. Porén, @s alumn@s que vaian realizar a Proba de Acceso á Universidade (PAU) da materia de Latín II deberán levar consigo, imprescindiblemente, este diccionario, en formato de libro tradicional, en papel, xunto co apéndice gramatical anexo.

Os demais recursos didácticos que se empreguen no desenvolvemento da materia será posible atopalos, en versión dixital, no curso online da materia. Entre eles cómpre salientar os seguintes:

-Libros de autores que serán traducidos do latín polo alumno:

- Prosa: Eutropius, Breviarium historiae romanae
- Poesía: Phaedrus, Fabulae

-Libros de lectura (en tradución):

- Virxilio, Eneida (selección)
- Horacio, Odas (selección)
- Plauto, O soldado farfallán
- Tito Livio, Historia de Roma (selección)
- Cicerón, Discursos (selección)

Non se empregará libro de texto.

4 DATOS DE CONTACTO

O método de contacto máis sinxelo e unha mensaxe privada, dirixida ao profesor, a través do servizo de mensaxería do curso online de LATÍN II. Sen embargo, tamén se pode contactar co profesor mediante as seguintes canles:

DATOS DE CONTACTO	Profesor: Antonio Mauriz
Correo electrónico antoniomauriz@edu.xunta.gal	EPAPU Eduardo Pondal Teléfono: 881 960 901 Enderezo: Rúa Educación, nº 3 A Coruña - CP: 15011

En caso de contacto telefónico, por favor solicítese preferiblemente nas horas destinadas a tutorías de orientación.

5 UNIDADES DIDÁCTICAS: CONTIDOS, ACTIVIDADES e TEMPORALIZACIÓN

Os contidos da materia de Latín II abranguen aspectos tanto lingüísticos como literarios e están organizados en 15 unidades didácticas diferentes. Estas unidades distribúense por avaliacións, pola seguinte orde cronolóxica:

Primeira Avaliación

UNIDADE DIDÁCTICA 1: Lingua latina I

Contidos

- Repaso de morfoloxía nominal: declinacións do sustantivo
- Repaso de morfoloxía verbal: tempos de indicativo
- Introducción á traducción de textos clásicos latinos en prosa
- Técnicas de traducción: a análise do texto latino e o emprego do dicionario

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 2 sesións presenciais
- Primeira avaliación: sesións presenciais 1 e 2

Actividades

- Exercicios gramaticais de morfoloxía nominal
- Exercicios gramaticais de morfoloxía verbal
- Análise e traducción de textos de prosa latina (Eutropio)

UNIDADE DIDÁCTICA 2: Lingua latina II

Contidos

- Repaso de morfoloxía nominal: declinacións do adxectivo
- Repaso de morfoloxía nominal: pronomes demostrativos, persoais, indefinidos e relativo
- Repaso de morfoloxía verbal: a voz pasiva e o subxuntivo
- Técnicas de traducción: a análise do texto latino e o emprego do dicionario

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 2 sesións presenciais
- Primeira avaliación: sesións presenciais 3 e 4

Actividades

- Exercicios gramaticais de morfoloxía nominal
- Exercicios gramaticais de morfoloxía verbal
- Análise e traducción de textos en prosa latina (Eutropio)

UNIDADE DIDÁCTICA 3: Lingua latina III

Contidos

- Morfosintaxe verbal: formas e construcións de participio
- Morfosintaxe verbal: formas e construcións de infinitivo
- Práctica de traducción de prosa latina I: Eutropio

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 2 sesións presenciais
- Primeira avaliación: sesión presencial 5 e 6

Actividades

- Exercicios gramaticais de morfosintaxe verbal
- Análise e traducción de textos en prosa latina (Eutropio)

UNIDADE DIDÁCTICA 4: Lingua latina IV

Contidos

- Expresións latinas nas linguas modernas I
- Lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina I
- Práctica de traducción de prosa latina II: Eutropio

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 1 sesión presencial
- Primeira avaliación: sesión presencial 7

Actividades

- Exercicios de vocabulario: expresións latinas
- Exercicios sobre lexemas, prefixos e sufixos
- Análise e traducción de textos en prosa latina (Eutropio)

UNIDADE DIDÁCTICA 5: Literatura latina I

Contidos

- Introducción á literatura latina
- A poesía épica latina: Virxilio e a Eneida
- O legado da poesía épica latina na literatura posterior
- Práctica de traducción de prosa latina III: Eutropio

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 1 sesión presencial
- Primeira avaliación: sesión presencial 8

Actividades

- Cuestionario sobre a poesía épica latina
- Lectura e comentario dalgún fragmento da Eneida
- Análise e traducción de textos en prosa latina (Eutropio)

Segunda Avaliación

UNIDADE DIDÁCTICA 6: Lingua latina V

Contidos

- Sintaxe: a oración simple e a oración composta
- A oración subordinada: as oracións de relativo
- Práctica de traducción de prosa latina IV: Eutropio

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 2 sesións presenciais
- Segunda avaliación: sesións presenciais 1 e 2

Actividades

- Ejercicios gramaticais de sintaxe oracional
- Análise e traducción de textos en prosa latina (Eutropio)

UNIDADE DIDÁCTICA 7: Literatura latina II

Contidos

- A poesía lírica latina: Horacio e as Odas
- O legado da poesía lírica latina na literatura posterior
- Práctica de traducción de prosa latina V: Eutropio

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 1 sesión presencial
- Segunda avaliación: sesión presencial 3

Actividades

- Cuestionario sobre a poesía épica latina
- Lectura e comentario dalgunha oda de Horacio
- Análise e traducción de textos en prosa latina (Eutropio)

UNIDADE DIDÁCTICA 8: Lingua latina VI

Contidos

- A oración subordinada: as oracións de cum histórico
- Valores de cum
- A oración subordinada: as oracións completivas (parte I)
- Práctica de traducción de prosa latina VI (Eutropio)

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 2 sesións presenciais
- Segunda avaliación: sesión presencial 4 e 5

Actividades

- Ejercicios gramaticais de sintaxe oracional
- Análise e traducción de textos en prosa latina (Eutropio)

UNIDADE DIDÁCTICA 9: Literatura latina III

Contidos

- O teatro latino: Plauto e a comedia romana
- O legado do teatro latino na literatura posterior
- Práctica de traducción de prosa latina VII: Eutropio

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 1 sesión presencial
- Segunda avaliación: sesión presencial 6

Actividades

- Cuestionario sobre o teatro latino
- Lectura e comentario de O soldado farfallán, de Plauto
- Análise e traducción de textos en prosa latina (Eutropio)

UNIDADE DIDÁCTICA 10: Lingua latina VII

Contidos

- Expresións latinas nas linguas modernas II
- Lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina II
- Introducción á traducción de textos poéticos en latín
- Práctica de traducción de poesía latina I: Fedro

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 2 sesións presenciais
- Segunda avaliación: sesións presenciais 7 e 8

Actividades

- Exercicios de vocabulario: expresións latinas
- Exercicios sobre lexemas, prefixos e sufixos
- Análise e traducción de textos poéticos en latín (Fedro)

Terceira Avaliación

UNIDADE DIDÁCTICA 11: Lingua latina VIII

Contidos

- A oración subordinada: oracións completivas (parte II)
- A oración subordinada: oracións circunstanciais (parte I)
- Valores de ut
- Práctica de traducción de poesía latina II: Fedro

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 2 sesións presenciais
- Terceira avaliación: sesións presenciais 1 e 2

Actividades

- Exercicios gramaticais de sintaxe oracional
- Análise e traducción de textos poéticos en latín (Fedro)

UNIDADE DIDÁCTICA 12: Literatura latina IV

Contidos

- A historiografía latina: Tito Livio e Historia de Roma
- O legado da historiografía latina na literatura posterior
- Práctica de traducción de poesía latina III: Fedro

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 1 sesión presencial
- Terceira avaliación: sesión presencial 3

Actividades

- Cuestionario sobre a historiografía latina
- Lectura e comentario dalgún fragmento de Historia de Roma, de Tito Livio
- Análise e traducción de textos poéticos en latín (Fedro)

UNIDADE DIDÁCTICA 13: Lingua latina IX

Contidos

- A oración subordinada: oracións circunstanciais (parte II)
- Xerundio e xerundivo
- Práctica de traducción de poesía latina IV: Fedro

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 2 sesións presenciais
- Terceira avaliación: sesións presenciais 4 e 5

Actividades

- Exercicios gramaticais de sintaxe oracional
- Exercicios gramaticais sobre o xerundio e o xerundivo
- Análise e traducción de textos poéticos en latín (Fedro)

UNIDADE DIDÁCTICA 14: Lingua e legado latinos

Contidos

- Expresións latinas nas linguas modernas III
- Práctica de traducción de poesía latina V: Fedro
- Pegadas da romanización na contorna: Coruña romana
- A mitoloxía clásica en manifestacións literarias e artísticas
- O dereito romano e a súa pegada no sistema xurídico actual

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 2 sesións presenciais
- Terceira avaliación: sesións presenciais 6 e 7

Actividades

- Exercicios de vocabulario: expresións latinas
- Análise e traducción de textos poéticos en latín (Fedro)
- Traballo de investigación sobre Coruña romana ou a herencia clásica na literatura, na arte e no dereito modernos

UNIDADE DIDÁCTICA 15: Literatura latina V

Contidos

- A oratoria e a retórica latinas: Cicerón
- O legado da oratoria e da retórica latinas: o discurso público
- Técnicas de debate e de exposición oral.
- Práctica de traducción de poesía latina V: Fedro

Temporalización

- Duración da exposición teórica: 1 sesión presencial
- Terceira avaliación: sesión presencial 8

Actividades

- Cuestionario sobre oratoria e retórica latinas
- Lectura e comentario dalgún discurso de Cicerón
- Análise e traducción de textos poéticos en latín (Fedro)

6 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía que se empregará está condicionada principalmente pola natureza semipresencial da materia. Deste xeito, as sesións presenciais, tanto lingüísticas como de temática cultural e literaria, serán ocupadas maioritariamente polas explicacións teóricas do profesor, propias dunha metodoloxía tradicional.

A aprendizaxe lingüística basearase principalmente na explicación gramatical e na resolución de exercicios gramaticais, tendo como obxectivo principal a análise, a comprensión e, sobre todo, a traducción de textos clásicos latinos (Eutropio en prosa, Fedro en verso). A traducción, de feito, é o principal punto temático da materia, o que recibe maior atención e valoración nas cualificacións. Na medida do posible, tentarase tamén a aplicación dunha metodoloxía activa, promovendo o emprego do latín como unha lingua viva, co obxectivo de que @alumn@ sexa quen de redactar textos en latín ou mesmo de conversar en latín con oracións moi breves.

A aprendizaxe dos contidos culturais e literarios basearase na lectura e comentario de textos literarios latinos (algún fragmento da Eneida, de Virxilio; algunha das Odas de Horacio; O soldado farfallán, de Plauto; algún fragmento de Historia de Roma, de Tito Livio; e algún discurso de Cicerón), na resposta a cuestionarios e na elaboración dalgún traballo de investigación ou de tipo creativo.

7 AVALIACIÓN

7.1 Criterios de avaliación

CA1.1 Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais.

CA1.2 Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas.

CA1.3 Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros.

CA1.4 Realizar a lectura directa de textos latinos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas máis frecuentes da lingua latina, asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.

CA1.5 Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina.

CA1.6 Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, de poder ser, en latín, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.

CA1.7 Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo.

CA1.8 Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata a lingua de ensino.

CA1.9 Analizar, interpretar e comentar textos e fragmentos literarios.

CA2.1 Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común.

CA2.3 Explicar a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina.

CA2.4 Analizar criticamente prexuizos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal.

CA2.5 Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo.

CA3.2 Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios latinos comparándoos con obras ou fragmentos literarios posteriores, desde un enfoque intertextual.

CA3.3 Identificar e definir palabras latinas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización latina.

CA3.4 Investigar aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico.

CA4.2 Identificar e explicar o legado da civilización latina, analizando producións culturais e artísticas posteriores.

CA4.3 Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina.

CA4.4 Explorar as pegadas da romanización e o legado romano na contorna do alumnado, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá.

7. 2 Modalidades e datas de avaliación. Cualificacións

Existen dúas modalidades de avaliación: a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria.

AVALIACIÓN ORDINARIA

A avaliación ordinaria é unha avaliación continua que consiste na avaliación do traballo d@ alumn@ ao longo de todo curso, en tres avaliacións parciais (1ª avaliación, 2ª avaliación e 3ª avaliación).

Este traballo será avaliado, en cada unha das devanditas avaliacións parciais, polo profesor mediante dous instrumentos distintos:

- un **exame**. Con carácter xeral realizarase un exame por avaliación, ao que lle corresponderá unha porcentaxe do **70%** da nota global da avaliación (**7 puntos**). O exame será, en todo caso, presencial.
- a **valoración das actividades** propostas nas unidades didácticas, ás que lle corresponderá, pola súa banda, unha porcentaxe do **30%** da nota global da avaliación (**3 puntos**).

Á súa vez, tanto o exame como as actividades compoñeranse principalmente dos seguintes tipos de exercicios, coa valoración indicada:

- **análise morfolóxica e sintáctica** de textos latinos (Eutropio / Fedro), que contará **1 punto** do total.
- **traducción** de textos latinos (Eutropio / Fedro), que contará **5 puntos** do total.
- **preguntas de literatura latina**, que contará **2 puntos** do total.
- **preguntas sobre expresións latinas e prefixos de orixe latina**, que contará **2 puntos** do total.

As datas de exame de cada unha das tres avaliacións parciais son as seguintes:

- 1ª Avaliación: entre o 17 de novembro e o 21 de novembro
- 2ª Avaliación: entre o 9 de febreiro e o 13 de febreiro
- 3ª Avaliación: entre o 27 de abril e o 4 de maio

A nota final da materia calcularase segundo as seguintes porcentaxes establecidas para cada avaliación:

- a 1.ª avaliación achega o 30 % da nota final
- a 2.ª avaliación achega o 30 % da nota final
- a 3.ª avaliación achega o 40 % da nota final
-

Para superar a materia, haberá que cumprir, en todo caso, dúas condicións:

1. A nota final deberá ser 5 ou superior a 5.
2. Como a avaliación é continua, a 3ª avaliación deberá ser aprobada, como mínimo, cunha nota de 5. Non será posible aprobar a materia, coa 3ª avaliación suspensa, é dicir, cunha nota inferior a 5.

Quérese salientar a importancia da asistencia a clase, que é de carácter obrigatorio. O límite de faltas de asistencia é o seguinte:

- 20% de faltas de asistencia sen xustificar
- ou ben 30% de faltas de asistencia sen xustificar e xustificadas, conxuntamente

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

En caso de non superar a avaliación ordinaria, @alumn@ ten a posibilidade de se presentar á avaliación extraordinaria.

A avaliación extraordinaria consistirá na realización dun exame global, que achegará o 100% da nota. En caso de aprobar cunha nota mínima de 5, @alumn@ superará a materia.

Este exame será de carácter global, é dicir, abranguerá a materia na súa totalidade.

O exame compoñerase dos seguintes tipos de exercicios, coa valoración indicada:

- **análise morfolóxica e sintáctica** de textos latinos (Eutropio / Fedro), que contará **1 punto** do total.
- **traducción** de textos latinos (Eutropio / Fedro), que contará **5 puntos** do total.
- **preguntas de literatura latina**, que contará **2 puntos** do total.
- **preguntas sobre expresións latinas e prefixos de orixe latina**, que contará **2 puntos** do total.

O exame da avaliación extraordinaria terá lugar entre o 1 xuño e o 8 de xuño.



Moito ánimo coa materia!!

A Coruña, 12 setembro de 2025